

Centenario de Xesús Ferro Couselo



Xesús Ferro Couselo en Allariz. 1970.
Foto: Eduardo Blanco Amor.*


O 30 de xullo de 2006 cúmprese o centenario do nacemento de quen foi o impulsor e artífice da creación do Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Xesús Ferro Couselo (1906-1975). Como non podía ser doutro xeito, o segundo número de *Fronda*, coincidente no tempo co mes da efeméride, vai dedicado ao seu labor de arquivista e difusor da cultura escrita galega. Non é doado cumprir en tan breve espazo coa sobranceira figura de quen abrangueu tantos elementos da nosa identidade: a historia, a lingua, o patrimonio cultural...; moitos deles tratados dende a achega aos documentos de arquivo.

Ferro Couselo foi un home comprometido co acrecentamento e a difusión da cultura galega, sempre dende unha modestia exemplar, traballando arreo polo ben común, sen pensar nas prebendas honoríficas nin nos recoñecementos persoais. Aínda que estamos seguros de que el non crería ser quen para recibir as homenaxes que recibiu – como mostra salientable a conmemoración do Día das Letras Galegas no ano 1996 – o Arquivo Histórico Provincial sente que ten unha débeda perenne con quen lle deu carta de natureza aló polo ano 1943, despois de loitar contra as circunstancias de escaseza da posguerra.

Vaia pois a nosa humilde lembranza a Xesús Ferro Couselo, case en concorrencia coa celebración, que faremos en novembro deste ano, do 75 aniversario da creación normativa dos Arquivos Históricos Provinciais. Como testemuña do seu labor cremos que o mellor que se podía facer era recordar algúns dos seus escritos e dos documentos que el sacou á luz dos andeis deste arquivo; invitando, dese xeito, á lectura da súa obra.

Pablo Sánchez Ferra
Director do AHPOu

* Foto tomada do libro *Xesús Ferro Couselo. 1906-1975. Unha fotobiografía*. Edicións Xerais de Galicia, 1996, pág. 87.



1438, decembro, 15


120

PREGÓN DOS QUE NON ANDEN DE NOYTE

En este dito día e ora e por estas testimoyas, ordenaron os ditos rexedores e alcalldes e procurador que persona nenhua non fose achado de andar por la dita cidade despois da canpaa tangida danunço, so pena de jaser XXX dias ena cadea et de perder as armas que levase, et se se quisesse defender et o ferisen ou matasen, que non ouvese culpa nenhua o que o mate por elo. Et su esta pena mandaron que nenhún non estevese aos cantóos nen as portas dos visiños da dita cidade, et outrosy que persona nenhua non fose ás ortas alleas de noyte nen de día as derramar, so pena de XXX dias jaser ena cadea e por LX mrs e o mal e dapno á seu dopno.

O qual pregón logo se asy deu por la dita cidade, e ena audiencia, en este día, eno dito concello, Afonso Barbeiro presentou a sua carta eno concello, pedío que a comprisen et cétera, e diseron que a veerían e darían sua resposta.


II, 32



1.005

Pleito entre el abad Fray Sebastián de Valladolid, obispo titular de Hipona, y los venecianos Bartolomé y Juan Bautista de Bibiena, sobre pretensión de éstos a una pensión en el monasterio de Osera, que les había situado su tío Angelo de Bibiena, natural de Aretina, abad comendatario de Osera. 1542. 1 perg. 104 folios. 32,5×22,5 cms.—1334.

Con letras de invocación del brazo secular discernidas por el auditor de Cámara de S. S. Juan Bautista Cicada. 1539. 40×33 cms. En 1518, Rodrigo, Cardenal de Santa María in Porticu, abad comendatario de Osera, resignó la abadía en su sobrino Angelo de Bibiena. Este situó 150 ducados de pensión al año sobre las rentas de la abadía a favor de sus referidos sobrinos. En virtud de dichas letras de la Auditoría de la Cámara Apostólica, el Obispo-Abad fue preso y sus bienes embargados por el Dr. Castillo, alcalde de Casa y Corte, pero dicha sentencia fue luego revocada por la Real Audiencia.



“... Esvaeceron segreis e xogares, ó seren derrocadas as fortalezas e mais os castelos na guerra irmandiña e na “doma” dos Reis Católicos. Pero deberon manterse aínda durante algún tempo nas brillantes cortes feudais dos condes de Lemos, Monterrei e Ribadavia, se ben o seu papel axiña tivo que pasar definitivamente ós cegos, que coa zanfona e mais a viola alegraban os camiños e enchían de encanto e saudade as romarías.

Tras dos nosos escolares, ata a douda Salamanca, ían os cegos de Galicia, guiados polo rapazolo ou *pícaro*, de enxeño e trasnadas tales que deron lugar a un xénero de literatura nacido neste século [XVI] de ansias e ilusións de heroísmos e cabalerías.

Resulta, xa que logo, inconcibible – e isto demostra a ignorancia que sempre campou sobre os asuntos que afectan a Galicia – pois, sendo galega a voz *pícaro*, e sendo adoptada para designar a un personaxe que en realidade non foi senón un rapazolo, que vén sendo o que esta voz significa, non se advertiu que aquí debeu ter a súa orixe e que, sen dúbida, foron os cegos que a Salamanca mandaba Galicia os que introduciron e fixeron alí vernácula esta palabra, tan enxebremente galega...”

<<Os romances e os libros de cabalerías na onomástica persoal galega dos séculos XV e XVI>>, *Posío, Arte y letras*, 1953-54.

Texto: Pablo Sánchez Ferro
D.L. OU 67/2006, ISSN 2659-3491



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Arquivo Histórico Provincial

Hernán Cortés, 2
32005 OURENSE